

Achegarnos a Bernardino

*Tempo para ler
ao poeta do mar*



PILAR PONTE

Este ano que xa vén rematando foi especialmente fecundo en homenaxes para Bernardino Graña, e así xa no mes de febreiro na oitava edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra fora loado o poeta, e máis recentemente, no mes de novembro a Asociación Cultural “A Cepa” de Cangas organizoulle unha homenaxe no concello do Morrazo durante tres días co gallo do seu setenta e cinco aniversario. Formaron estas xornadas actos como unha cea de confraternidade, un concerto de corais da bisbarra, a estrea da obra teatral *O galo kikiriko e os seus amigos*, dirixida aos máis novos, e para rematar un gran concerto e recital poético.

Froito desa homenaxe é tamén este volume editado por Xerais coa colaboración do concello de Cangas. Trátase dunha obra divulgativa accesible para todos os públicos que nos achega tanto á persoa como á obra desde o cariño e a admiración.

Garantía da bondade das páxinas xa a atopamos no coordinador. Héitor Mera, profesor e crítico literario, ao que podemos ler periodicamente nas páxinas deste xornal,

ten publicados varios volumes sobre a obra do homenaxeado e dedica a súa tese de doutoramento á análise da súa obra, de tal xeito que podemos dicir que estamos perante o máis capacitado analista da obra de Bernardino Graña.

En primeiro lugar atopamos no texto once pequenas achegas ensáísticas tanto ao autor como á súa obra (a relación coa música, a última novela, a teatralidade...), como o texto de Anxo Angueira, zarpicadas de fotografías da súa vida. A continuación Carlos Solla, Elvira Ribeiro Tobío, Lucía Novás e Xoán Xosé Abella ofrécennos cadansúa composición poética dedicada ao poeta do mar, entre elas salienta pola súa orixinalidade o Centón bernardiniano de Elvira Ribeiro Tobío, creado mediante a combinación de versos do propio poeta. E como remate aprópanse das páxinas as creacións plásticas de Fran Herbelo e Camilo Caamaño centradas no erotismo e no mar.

Mais as homenaxes non nos deben facer pensar nun escritor retirado do labor creativo, ben ao contrario, no futuro próximo xa están anunciadas novas obras de Bernardino Graña das que poderemos gozar, entre elas o título *Acendede as almenaras* que será editado por Xerais no vindeiro ano.

Para rematar trasladámoslle os nosos parabéns ao autor pola súa contribución á nosa literatura e tamén á asociación cultural “A Cepa” de Cangas, pois este tipo de obras son especialmente útiles para crear no público unha visión xenérica dos autores desde un punto de vista diferente e máis humano que convida a achegarse logo a súa obra para quen aínda non os lese.

VV. AA., *Bernardino Graña. Homenaxe no 75 aniversario* (Ed. Héitor Mera), Ed. Xerais, Vigo, 2007, 100 páxinas

